

O colectivo ofrecerá en 44 establecimientos as súas creacións ante a ausencia de actos

Preto de 50 artistas toman os bares para celebrar o Día das Letras Galegas

MARTA GARCÍA MÁRQUEZ / A CORUÑA

■ Unha serie de personalidades da cultura capitaneada por Lino Braxe, Olga Patiño, Xabier Docampo e Miguel Matos tomarán hoxe as rúas para levar as letras aos bares. Fontes de inspiración moitas veces de libros y obras de teatro. Desde a rúa de Troncoso á Estrella, pasando pola Barrera e Olmos, un grupo de preto de cincuenta intelectuais fará parada en 44 establecimientos da zona para reivindicar o galego cunha cunca de viño na man e unha minicreación na outra.

A iniciativa xorde da case ausencia de actos institucionais polo Día das Letras Galegas. Se ben é certo que o grosor da programación vai a ter como epicentro Vigo, por ser a cidade natal de Paz-Andrade, este grupo de persoeiros incidía onto no centro sociocultural de Novacaixagalicia na pasividade por parte do Concello ante unha festividá que se reduce a un concerto extraordinario no teatro Rosalía.

Por iso, eles recollerán as letras a iso das 20.00 horas e pasearán polos locais de ocio ata 23.30. Unha vez entre a barra e as mesas, cada un dos creadores lerá un poema, dramatizará en directo ou interpretará unha peza musical nunha posta en escena colectiva que non durará máis de dous minutos por cabeza. Dicía Xabier Docampo que non queren ser pessados.

Deste xeito, os escritores, músicos e actores repetirán dúas veces a obra e farán partícipes á xente da cultura, amosando un pouquín daquello co que se gañan o pan. O chairego critica ao Concello e sinalaba que a razón de qué non organizaran nada se debe a que "é un día demasiado galego para eles". Docampo cría que a súa postura consistía en ir diluíndo a data coa intención de que a sociedade a fora esquecendo.

Pola súa parte, Lino Braxe explicaba que tiveron que acotar o percorrido por son moitos os bares que asoman o fuciño a esta cidade. Neste aspecto, elexiron os que teñen a súa denominación en



O grupo de intelectuais comezará ás oito en Troncoso un percorrido polos bares da zona centro SUSY SUÁREZ

galego "e que fan más ca os políticos" xa que os turistas que se fotografan diante deles levan sen saberlo unha palabra en galego para a súa casa. Esta proposta sumará a algumas más programadas para hoxe por distintas institucións.

O Día das Letras Galegas passará polo teatro Rosalía coa actuación, ás 12.15 horas, do coro Cántigas da Terra, que lle dará un repaso ao repertorio popular coa interpretación de temas como "Terra Meiga", "Foliada de Nostíán", "Brincadeira" ou "Chascarrachás". A entrada será libre ata completar o aforo do auditorio.

Aquínda que a celebración oficial é hoxe, os actos comezaban onto nos distintos centros con recitais poéticos nas Bibliotecas Municipais, inspirados nos versos de Valentín Paz-Andrade, e unha lectura no centro Ágora á que asistían o secretario de Política Lingüística, Valentín García, e a delegada da Xunta, Belén do Campo. As citas continuarán ao longo dos vindeiros días cunha moi especial nos mercados municipais o sábado, en



Belén do Campo e Valentín García asistían no sábado na Ágora SUSY SUÁREZ

concreto, nas prazas de Lugo, San Agustín, As Conchiñas, Elviña e Monte Alto. Ali terán acubillo a escrita de Paz-Andrade da man dos poetas e escritores Pedro Ramos, Antía Otero, Berta Roça e Miguel Curveira. Por outro lado, As Conchiñas albergará contracontos e talleres de maquillaje e malabares nos que participarán Ma-

ruxa Marxal, Coral Villa e Rebeca de Hitchcock, e en Elviña e Monte Alto, Alí terán acubillo a escrita de Paz-Andrade da man dos poetas e escritores Pedro Ramos, Antía Otero, Berta Roça e Miguel Curveira. Por outro lado, As Conchiñas albergará contracontos e talleres de maquillaje e malabares nos que participarán Ma-

A Fundación Repsol constituirá o xurado da sexta edición do Premio Narrativa Breve

REDACCIÓN / A CORUÑA

■ A Fundación Repsol constituirá onto o xurado que formará parte do sexto Premio Narrativa Breve Repsol, que ten unha dotación económica de 9000 euros, ademais da publicación da obra premiada por parte da Editorial Galaxia. O tribunal estará composto polo divulgador e profesor Xavier Alcalá; a profesora de literatura galega na Universidade, Dolores Vilavedra; o escritor Darío Xohán Cabana; a poeta e artista plástica, María Canosa, e o director de Edicións de Galaxia, Carlos González.

Os autores deberán enviar as súas propostas á Refinería de Repsol antes do 20 de xullo atendendo a unha serie de normas como que a obra tenía unha extensión mínima de 50 folios e máxima de 120. Con este certame, a organización pretende apoiar o desenvolvemento da literatura en lingua galega coa edición dos títulos distinguidos. Nestes seis anos, Repsol premiou con galardón as novelas de Miguel Sande, Xavier Lama, Anxos Sumai, Xosé Luís Martínez, Xurxo Sierra e Fernando Díaz-Castroverde. A decisión do xurado farase pública en setembro.

A sala La Tuerka 27 programa funcións das comedias "Gato negro" e "Gótica"

REDACCIÓN / A CORUÑA

■ A sala La Tuerka 27 programa hoxe, ás 20.30, 20.55 e 21.20 horas, funcións das dúas comedias que ten en cartel como son "Gato negro" e "Gótica", de Jacobo Paz, onde os espectadores atravesarán o espírito más íntimo para chegar a unha segunda peza alucinada. Entre as dúas sumarán a experiencia de ser parte da montaxe teatral durante quince minutos de relaxo.

Queremos Galego anima aos coruñeses a participar na marcha santiaguesa

M.G.M. / A CORUÑA

■ A plataforma Queremos Galego convocaban onto á ciadanza para que participara na marcha a favor do idioma que partirá ás doce do mediodía da Alameda Santiguense como unha forma de protestar polos ataques contra o galego. O colectivo liderado por Carlos Callón topábase con trabas por parte

do Concello de Santiago xa que a última hora lles denegaban os permisos para instalar un palco, megafono e unha faixa informativa, unha circunstancia sobre a que os tribunais se postulaban onto mesmo dándolle a razón a Queremos Galego, segundo o voceiro.

Pola súa parte, o intelectual Xurxo Souto animaba aos coruñei-

sos a acudir á chamada despois de que un estudo os situara coma os que más empregan o galego. Algo sorprendente, dicía o artista, que racha cos tópicos. Callón aproveitaba a ocasión para criticar ao goberno de Feijoo por non conseguir ningún adianto no ámbito lingüístico "con catro millóns malgastados en atacar ao galego".



Carlos Callón falaba da importancia de defender o Idioma

AITANA VIDAL